

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

## CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

*Corrección de erros.—Decreto 207/1994, do 30 de xuño, polo que se modifican as contas establecidas nos artigos 25 e 26 da Lei 3/1985, do 12 de abril, do Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia.*

Advetido erro no texto do devandito decreto, publicado no *Diario Oficial de Galicia* nº 131, do 8 de xullo de 1994, cómpre efectuar a seguinte corrección:

Na páxina 4.608, columna esquerda, artigo único, onde di: «1. Contía do artigo 26. Se o valor dos bens inmobles é inferior a 50 millóns de pesetas,...», debe decir: «2. Contía do artigo 26. Se o valor dos bens inmobles é inferior a 25 millóns de pesetas,...».

*Decreto 229/1994, do 14 de xullo, polo que se crea a sociedade pública autónoma Instituto Galego de Medicina Técnica, S.A.*

O Servicio Galego de Saúde no seu desenvolvemento organizativo intenta establecer mecanismos que permitan unha diversificación e dinamización dos provedores de servizos sanitarios públicos no ámbito da nosa Comunidade Autónoma. Por isto considera altamente positiva a creación dunha sociedade pública autónoma destinada á prestación de servizos en xestión sanitaria, consultoría especializada e, prioritariamente, prestacións sanitarias de alta tecnoloxía, promovendo a eficacia, eficiencia e seguridade do sistema sanitario.

Esta sociedade pública autónoma, con forma de sociedade anónima e capital integramente público, terá a denominación de *Instituto Galego de Medicina Técnica, S.A.*

En consecuencia, de conformidade co disposto no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente; así como nos artigos 45 e seguintes da Lei 3/1985, do 12 de abril, do patrimonio da Comunidade Autónoma e regulamento que a desenvolve, artigo 12 e seguintes da Lei 11/1992, do 7 de outubro, de réxime financeiro e presupostario de Galicia e de acordo, igualmente, co Real decreto lei 1.564/1989, do 22 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de sociedades anónimas; por proposta da Consellería de Economía e Facenda, por iniciativa da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do catorce de xullo de mil novecentos noventa e catro,

## DISPOÑO:

Artigo 1º Acórdase a creación, ó amparo do artigo 55.2º do Estatuto de autonomía, e de conformidade co previsto no artigo 45.1º e 3º da Lei 3/1985, do 12 de abril, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, e no artigo 12 e seguintes da Lei 11/1992, do 7 de outubro, de réxime financeiro e presupostario de Galicia, da sociedade pública autónoma do *Instituto Galego de Medicina Técnica, S.A.*, que quedará adscrita ó Servicio Galego de Saúde.

Artigo 2º O capital social subscrito e desembolsado integramente pola Comunidade Autónoma cifrase en cen millóns de pesetas (100.000.000 de pts.).

Artigo 3º Apróbanse os estatutos da sociedade pública autónoma *Instituto Galego de Medicina Técnica, S.A.*

## Disposicións derradeiras

Primeira.—Facúltase a Consellería de Economía e Facenda para dictar as normas necesarias para a execución, desenvolvemento e aplicación do presente decreto e a realización de tódolos actos precisos para a constitución da sociedade pública autónoma *Instituto Galego de Medicina Técnica, S.A.*

Segunda.—O presente decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, catorce de xullo de mil novecentos noventa e catro.

Manuel Fraga Iribarne  
Presidente

José Antonio Orza Fernández  
Conselleiro de Economía e Facenda

## II. AUTORIDADES E PERSOAL

## b) NOMEAMENTOS:

## PRESIDENCIA

*Decreto 230/1994, do 26 de xullo, polo que se nomea conselleiro maior do Consello de Contas de Galicia a Carlos G. Otero Díaz.*

En virtude do disposto no artigo 8.1º da Lei de Galicia 6/1985, do 24 de xuño, e de conformidade coa proposta formulada polo Pleno do Consello de Contas de Galicia na súa sesión celebrada o día 22 de xullo de 1994, nomeo conselleiro maior do Consello de Contas de Galicia a Carlos G. Otero Díaz.

Santiago de Compostela, vinteseis de xullo de mil novecentos noventa e catro.

Manuel Fraga Iribarne  
Presidente